

29º FESTIVAL INTERNACIONAL

JAZZ & BLUES

DO 7 AO 11 DE AGOSTO 2023

PRAZA DA FERRARÍA · PONTEVEDRA



7/8 GISELE JACKSON

8/8 ACANTHA LANG

9/8 VANESSA COLLIER

10/8 PABLO PATIÑO "FLOR"

11/8 MR. RIVER "NIGHT COURT"



Concello
de Pontevedra



A mestura do jazz máis vangardista a cargo de músicos galegos, e o protagonismo do blues e o soul son as claves da presente edición do noso festival: xa a número 29^a.

E como é habitual, os concertos son de balde e nunha contorna tan especial como o centro histórico de Pontevedra.

7/8/9/10/11

DE AGOSTO

29º FESTIVAL INTERNACIONAL
JAZZ & BLUES
DO 7 AO 11 DE AGOSTO 2023
PRAZA DA FERRARIA · PONTEVEDRA



Gisele Jackson

Gisele Jackson é unha das voces máis relevantes da música afroamericana actual. Naceu en Baltimore e iniciou a súa carreira no ámbito do *soul* clásico.

Cando aínda era unha estudante de primeiro ano na Universidade de Howard, xa actuaba en escenarios de Washington coa súa primeira banda de *soul*, pero alcanzou verdadeira notoriedade sendo aínda moi nova, cando Ray Charles, no apoxeo da súa carreira, decidiu incorporala á súa banda, converténdoa nunha *raelette*. Donna Summer e James Brown, tamén contaron coa súa espectacular voz en numerosas gravacións e actuacións en directo.

Gisele Jackson levou a cabo xiras por Asia, América, Europa e África. Cantou nos clubs máis importantes de EEUU, e actuou en actos de primeiro nivel, como na toma de posesión do presidente Bill Clinton e en varias cerimonia de Hollywood.

Na súa prolífica carreira foi recrutada para ser abreconcertos de artistas da talla de Tito Puente, Bette Midler, The Commodores ou B-52. Tamén apareceu na gran pantalla, cantando na afamada película "O Club das Primeiras Esposas", e na televisión protagonizou unha campaña comercial global para Johnnie Walker.

A revista *Billboard* elevouna á categoría de diva por mor do seu gran éxito mundial, o clásico de baile *Love Commandments*, un single que alcanzou o número tres na lista de baile de *Billboard*, catapultando a Gisele ao olimpo da música *house* e *dance*.

Tamén actuou con frecuencia en Broadway, formando parte do cartel dalgúns famosos musicais, como *Dream Girls*, *The Wiz*, *Purlie* ou *Carmen Jones*.

A súa música, que non deixa a ningún indiferente, é unha persoalísima mestura de *soul* clásico, *funk*, *blues* de Memphis e órgano Hammond, aderezado todo cunhas pingas de

Gisele Jackson

7/8

Praza da Ferraría

22.30 h

Entrada gratuíta

house e dance.

Estará acompañada no escenario pola súa banda habitual The Shu Shu's, formada por David Wilkinson á guitarra, Abel Boquera no órgano Hammond e Caspar St. Charles na batería.

Gisele Jackson: voz

David Wilkinson: guitarra

Abel Boquera: órgano Hammond

Caspar St. Charles: batería

Acantha Lang



Nada en Nova Orleáns, Luisiana, Acantha Lang ten desde o berce soul e blues correndo polas súas veas, e un amplo rexistro vocal con matices moi recoñecibles, influenciado polas lendarias Aretha Franklin, Mavis Staples e Nina Simone.

Desde Nova Orleáns trasladouse a Nova York, onde empezou a destacar grazas á súa prodixiosa voz no escenario do famoso Harlem Grill, punto de reunión dos mellores artistas de soul da cidade. Despois diso, mudouse a Londres para encabezar o cartel da sede londiniense do famoso club orixinario de Manhattan The Box, alcanzando unha gran notoriedade no círculo británico de actuacións en vivo.

É tamén unha compositora consumada. A súa canción Gonna Be All Right foi incluída no álbum Got Soul, de Robert Randolph & The Family Band, candidato aos premios Grammy 2017.

O seu traballo de debut, un EP titulado Sugar Woman, foi seleccionado pola publicación especializada Soul Tracks como álbum destacado do mes tras o seu lanzamento en agosto de 2021; e tamén lle valeu o premio The New Artist of the Year para os Soul Tracks Readers' Choice Awards dese ano.

O seu sinxelo He Said/She Said valeulle todo tipo de eloxios da crítica, que cualificou a esta estrela emerxente como "brillante, independente e destinada a dominar o mundo do soul e do blues". Esta canción tamén aparece no seu álbum recompilación The Craig Charles Trunk of Funk Volume 2.

A súa música foi incluída na playlist Spotify's Best Retro Songs de 2021 e na lista de reprodución das mellores cancións funk de 2022.

Acantha Lang

A súa interpretación excepcional da canción I Wish I Knew How I Would Feel To Be Free valeulle para integrar a banda sonora dun recente anuncio publicitario europeo dunha famosa multinacional de comida rápida.

O 13 de maio deste mesmo ano, Acantha fixo o seu debut na televisión estadounidense a nivel nacional, ofrecendo unha actuación impresionante no programa da CBS Saturday Morning, que incluíu tres temas: He Said / She Said, It's Gonna Be Alright e Sugar Woman.

O enorme talento de Acantha Lang valeulle para dispoñer en pouco tempo dunha lexión dedicada de fans a través da súa serie Standing On The Shoulders Of...Soul (actualmente máis de dez millóns de visitas acumuladas en Instagram, Youtube e TikTok), pero lonxe de acomodarse, continuou traballando sen descanso, e froito diso é o seu recente álbum titulado Beautiful Dreams, lanzado a principios deste verán.

O estilo narrativo das súas composicións inspírase nas antigas tradicións do blues do sur, pero toca temas contemporáneos, lanzando ataques frontais ás fake news, construíndo odas ao amor maternal tras o paso do furacán Katrina pola súa cidade natal, e celebrando a sororidade e a forza da feminidade, con confianza e orgullo.

8/8

Praza da Ferraría

22.30 h

Entrada gratuíta

Acantha Lang: voz

Emlyn Francis: guitarra

Andrew Noble: teclados

Westley Joseph: batería

Chris Rand: saxo

Shanti Jayasinha: trompeta

Ernie McKone: baixo

Noreen Stewart: coros

Cleo Stewart: coros

Vanessa Collier



Vanessa Collier é unha saxofonista, cantante e compositora nada en Dallas, Texas. A súa música é unha amálgama de estilos, partindo do blues máis puro e mesturándoo con funk, rock e soul, conseguindo un resultado apaixonante que exhibe en poderosísimas actuacións en vivo. A crítica especializada dixo dela que está dotada dunha voz conmovedora que lembra á de Bonnie Raitt, que combina á perfección con composicións enxeñosas e cun saxofón que remove as emocións.

Os seus comezos foron moi precoces. Con só once anos xa tocaba sos de saxo nunha banda de jazz. No ano 2013 obtivo a súa graduación no prestixioso Berklee College of Music de Boston, nunha cerimonia na que foi especialmente convidada a compartir escenario nin máis nin menos que con Annie Lennox (Eurythmics) e Willie Nelson.

Tamén acompañou frecuentemente nas súas xiras ao lendario guitarrista e cantante de blues Joe Louis Walker.

A súa carreira en solitario comezou no ano 2014, lanzando o seu primeiro disco, titulado Heart, Soul & Saxophone, ao que seguiron Meeting My Shadow (2017), Honey Up (2018) e Heart On The Line (2020). Todas as súas publicacións foron unanimemente eloxiadas pola crítica e granxeáronlle a calor dun público cada vez máis entregado ao seu evidente talento. Vanessa Collier foi galardoada con tres Blues Music Awards (os Óscar do blues), un deles como mellor saxofonista e outros dous como mellor artista feminina do ano (2019 e 2020). En total foi candidata en nove ocasións a estes premios, a pesar da súa mocidade e de ter aínda unha carreira incipiente. Este rexistro sitúaa á altura de artistas da talla de Shemekia Copeland, Samantha Fish, Ruthie Foster (as tres formaron parte do cartel do Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra en anteriores edicións) ou Jimmy Carpenter. Collier di ser feliz actuando en escenarios de todo o mundo, porque o vive como unha forma

Vanessa Collier

total de expresión e conexión cos seus fans e co público en xeral. Explica que "me encanta conectarme cunha audiencia e sentir a súa enerxía, e espero inspirar ás persoas para seguir os seus soños e paixóns, atopar o que lles brinda alegría e logo perseguilo sen descanso".

Vanessa tamén leva esa mensaxe aos músicos máis novos, participando activamente no programa educativo Blues in the Schools nos Estados Unidos, que apoia a talentos emerxentes que se atopan en perigo de exclusión social.

O seu último disco, gravado en directo nos Power Station Studios de Nova York ante un público selecto en abril do ano 2022, é Live at Power Station.

9/8

Praza da Ferraría

22.30 h

Entrada gratuíta

Vanessa Collier: voz, saxo e guitarra

Laura Chavez: guitarra

Byron Cage: batería

Andrew Crane: baixo

29º FESTIVAL INTERNACIONAL
JAZZ & BLUES

DO 7 AO 11 DE AGOSTO 2023
PRAZA DA FERRARÍA · PONTEVEDRA

Pablo Patiño Moledo (Pontevedra, 1993), líder do proxecto, compaxina a súa carreira como pintor coa súa carreira como contrabaixista e compositor. Formouse, musicalmente en conservatorios de Galiza e Portugal e tocou e colaborou con músicos como: Bill McHenry, Gonçalo Marques, Dayna Stephens, Wilfred Wilde, Kyle Poole, Victor Prieto, Raynald Colom, Ricardo Toscano, César LaTorre o Natalio Sued. Ademais de recibir clases e traballar con: Horacio Fumero, Pedro Moreira, Joshua Redman, Ben Street, Afonso Pais, Mike Moreno, Bernardo Moreira, André Fernandes, Fabrizio Cassol ou Mark Withers entre moitos outros. Con referentes como Phronesis, James Blake, Wayne Shorter, Alt- J, ou Stravinsky, FLOR exprésase cun concepto claro da improvisación onde a creación compaxínase con potentes composicións.



Pablo Patiño "Flor"

10/8

Praza da Ferraría
22.30 h
Entrada gratuíta

Diego Alonso: saxo tenor

Afonso Traficante: vibráfono

Pablo Patiño Moledo: contrabaixo

Esteban Lavigne: batería

29º FESTIVAL INTERNACIONAL
JAZZ & BLUES
DO 7 AO 11 DE AGOSTO 2023
PRAZA DA FERRARÍA · PONTEVEDRA

Mr River

"Night Court"



Mr. River fórmase en Pontevedra no ano 2018 e nace da fusión de diferentes estilos musicáis como o Jazz, Blues, Funk, e influencias de músicos e bandas como; Andy Timmons, Scott Henderson, Pat Metheny, Chick Corea, John Scofield, Larry Carlton, Jaco Pastorius, Marcus Miller, Dave Weckl, The Aristocrats, Uzeb.... creando así, unha diversidade de composicións orixinais, basadas en vivencias e sentimentos do compositor Miguel Del Río, dando lugar a un estilo propio, denominado "River Style" (Son americano made in Galicia).

11/8

Praza da Ferraría
22.30 h
Entrada gratuíta

Miguel Del Río: guitarra eléctrica

Adrián Solla: teclados

Santi MarSan: baixo eléctrico

Marcos Corbacho: batería

Praza da Ferraría 22.30 h

Entrada gratuíta

7/8 Carolyn Wonderland

8/8 Acantha Lang

9/8 Vanessa Collier

10/8 Pablo Patiño "Flor"

11/8 Mr. River "Night Court"

JAZZ POLA RÚA con

STREET BAND CHIVINJAZZ

Todos os días ás 12.30

e ás 20.00 h



Concello
de Pontevedra



jazzpontevedra.com